



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario 1/2021, aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada con data 21 de xaneiro de 2021 por importe de 160.000,00 € (CENTO SESENTA MIL EUROS), o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación		Descripción	Importe
Progr.	Económica		
1621	623	MAQUINARIA DESTINADA A RECOLLIDA DE RESIDUOS	160.000,00€

ALTAS EN CONCEPTOS DE INGRESOS

Aplicación: económica			Descripción	Importe Recaudado
Cap.	Art.	Conc.		
9	91	913	PRÉSTAMOS RECIBIDOS A LARGO PLAZO DE ENTES DE FÓRA DO SECTOR PÚBLICO	160.000,00€

Carballedo, 1 de marzo de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0521

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito 1/2021, aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada con data 21 de xaneiro de 2021 por importe de 15.000,00 € (QUINCE MIL EUROS), o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

TRANSFERENCIA DE CREDITO P1/2021

PARTIDAS DE BAIXA

PROGRAMA	ECONOMICA	DESCRIPCION	IMPORTE
1621	204	ARRENDAMIENTOS DE MATERIAL DE TRANSPORTE	15.000,00

ARTIDAS DE ALTA

337	622	EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	15.000,00€
-----	-----	----------------------------------	------------

Carballedo, 1 de marzo de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0522

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 9/2021, Modalidad "Crédito extraordinario 01/2021"

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 25/02/2021, prestoulle aprobación inicial ao crédito extraordinario 1/2021.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Foz, 1 de marzo de 2021.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0523

Anuncio

O Pleno do Concello de Foz, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de febreiro de 2021, acordou aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local, con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente queda sometido a exposición pública por un prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Foz, 1 de marzo de 2021.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0524

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vinte de xaneiro de dous mil vinte e un, aprobou inicialmente o "Proyecto de obras ordinarias de urbanización para la edificación de rampas de acceso a edificio existente na praza da Liberdade, 9", promovido pola Comunidade de Propietarios Praza da Liberdade 9.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 25 de febreiro de 2021.- A Alcaldesa. P.D. O Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas (Decreto número 19005684 do 1 de xullo de 2019, modificado por Decreto número 5286/2020, do 18 de setembro).

R. 0525

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

Por Decreto número 4/2021, de data catro de xaneiro de dous mil vinte un, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2020, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 18 de xaneiro de 2021.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE, Álvaro Santos Ramos.

R. 0526

MONDOÑEDO

Anuncio

Manuel Ángel Otero Legide, Alcalde do Concello de Mondoñedo, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, anuncio:

Na sesión plenaria celebrada o día 24 de xuño de 2019, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Delegar na Xunta de Goberno Local, por razóns de eficiencia e operatividade, as seguintes competencias, dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local:

- 1.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- 2.- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais
- 3.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos
- 4.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria
- 5.- As competencias que en materia de contratación correspondan ao Pleno da Corporación en virtude da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpón ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

SEGUNDO: O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

TERCEIRO: A delegación de competencias surtirá efectos dende o día seguinte da súa adopción, ata a data de expiración do mandato dos membros do Concello, debendo publicarse o acordo de delegación no boletín oficial da provincia”.

E para que así conste, asina o presente en Mondoñedo, a 1 de marzo de 2021.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0527

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Aprobados provisionalmente polo Concello en Pleno, en sesión ordinaria do día 22 de febreiro de 2021, os expedientes de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo e o expediente da modificación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos con finalidade lucrativa.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estarán expostos ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalos e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, os acordos provisionais consideraranse elevados a definitivos e procederase á publicación dos textos íntegros das modificacións introducidas aos vixentes.

Monforte de Lemos, 23 de febreiro de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0528

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, o prezo/hora, a achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Decembro 2020.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Decembro 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Decembro 2020. O padrón correspondente ao mes de Decembro consta de 55 contribuíntes (18 de libre concorrencia e 37 de dependencia) e un importe total de 5.086,90 € (1.535,19 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.551,71€ persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 15 de xaneiro de 2021.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 0529

*Anuncio***DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Decembro de 2020.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Decembro de 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Decembro de 2020. O padrón correspondente ao mes de Decembro consta de 4 contribuíntes e un importe total de 200,74 €.

SEGUNDO- Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Triutaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

SEXTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

como Secretaria-Interventora, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo)

Muras, 17 de xaneiro de 2021.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 0530

NEGUEIRA DE MUÑIZ*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de fecha 1 de marzo de 2021, se reactiva la bolsa de empleo que el pasado 31 de julio de 2018 se conformó para contratación de peones de servicios múltiples al amparo del Plan Fomento de Empleo 2018.

Quienes deseen ratificar su presencia en ella, dispondrán de un período de 10 días hábiles, contados a partir del día siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, para presentar documentación acreditativa de encontrarse en situación de mejora o demanda de empleo.

Negueira de Muñiz, 1 de marzo de 2021.- El Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0531